

## **A fame que o vento non levou: Paralelismos literarios entre Escarlata O'Hara e Katniss Everdeen**

Patricia Val Antelo

[Recibido, 8 marzo 2016; aceptado, 10 xuño 2016]

<http://dx.doi.org/10.15304/bgl.48.3186>

**RESUMO** O rol da muller desempeña unha importancia capital na literatura universal, tanto que algúns prototipos femininos convertéronse en referentes canónicos que, dalgunha maneira, conseguiron marcar unha tendencia ao desvincularse das caracterizacións máis ao uso, dando así paso a unha tradición de herdanzas literarias ancoradas no cambio dos patróns de comportamento social como factor distintivo. Utilizando como base de partida as teorías de representación de xénero de Butler (1999) e Wood (2005), o presente estudo pretende sacar á luz os posibles paralelismos existentes entre Escarlata O'Hara e Katniss Everdeen, dúas figuras literarias distanciadas polo tempo, os xéneros e as voces narrativas, pero que atopan puntos de semellanza comúns articulados ao redor do conflito bélico, configurado como o elemento artifice da ruptura dos estereotipos clásicos de femiñidade.

**PALABRAS CHAVE:** estudos de xénero, arquetipos literarios, muller e guerra, caracterización.

**ABSTRACT** The rol of woman exerts a capital importance in universal literature, so strong that some female prototypes have become canonical references that, in a certain way, managed to mark a trend to disassociate itself from the characterizations most in use, giving way to a tradition of literary heritage anchored in the changing patterns of social behavior as distinguishing factor. Using as a starting point Butler's (1999) and Wood's (2005) theories of gender representation, this study seeks to bring to light the potential parallelisms between Scarlett O'Hara and Katniss Everdeen, two literary figures separated by time, genres and narrative voices, but that have points of similarity articulated near of the plot of an armed conflict that is configured as the item that breaks classic stereotypes of femininity.

**KEYWORDS:** gender studies, literary archetypes, woman and war, characterization.

## Introdución

“¡Dios sea testigo de que nunca más voy a pasar hambre!” (Mitchell 1978: 405), clamaba Escarlata O’Hara nunha das pasaxes máis significativas da novela de Margaret Mitchell e, quizais, esa fame que a protagonista de *O que o vento levou* trataba de evitar con todas as súas forzas ao longo dunha obra que se converteu en novela representativa da literatura norteamericana sexa tamén o medo que condiciona as andanzas de Katniss Everdeen, personaxe central de *Os xogos da fame* e heroína dun tempo inventado que habita nuns Estados Unidos distópicos pero igualmente arrasados pola guerra. Fame e guerra, uns nexos de unión simbólicos pero significativos, que me permiten empezar a tecer as semellanzas que se poden atopar entre dúas obras literarias aparentemente tan distintas e afastadas, pero á vez unidas a través do fío do tempo por herdanzas literarias que non parecen casuais.

Comparar *O que o vento levou*<sup>1</sup> e *Os xogos da fame*<sup>2</sup> non é tarefa fácil. Máis aló da máxima que recalca que quen quere achar semellanzas entre dous suxeitos farao, as dúas obras atópanse distantes en moitos aspectos literarios que a crítica define esenciais, como a tipoloxía, o público receptor, a época, o ámbito literario e mesmo o xénero. De feito, se non nos cinguimos unicamente ás diferenzas que se poderían remarcar entre unha obra clásica e unha saga xuvenil e seguimos os parámetros marcados por Lluch (2007: 201-203), podemos afirmar que a novela de Mitchell encaixaría baixo a definición de obra canónica, mentres que a triloxía de Collins ampararíase baixo o concepto de *paraliteratura*. Pero o eixo temático da guerra que subxace no transfon- do de ambas as narracións permite, en certo xeito, transcender clasificacións como a anterior e enfocar a comparación valéndonos dunha característica que pode considerarse común ás literaturas xuvenil, bélica e destinada ás mulleres (ámbito no que algúns seguen situando a obra de Mitchell): o feito de desenvolver discursos relacionados con preocupacións inherentes ao xénero e ás nacións, á humanidade e ao crecemento entendido en sentido amplo, e

---

<sup>1</sup> Novela gañadora do premio Pulitzer. É considerada un clásico da literatura dos Estados Unidos e converteuse nun das iconas da cultura popular dese país, feito que a sitúa entre os libros máis vendidos de todos os tempos. Pode clasificarse como drama romántico e narra as vicisitudes dunha moza do sur, Escarlata O’Hara, tendo como pano de fondo a Guerra de Secesión. A primeira edición corresponde a Mitchell (1936).

<sup>2</sup> Ao utilizar o título *Os xogos da fame*, referirémonos á unha saga de literatura xuvenil de ciencia ficción composta por tres novelas de Collins (2008, 2009, 2010).

contextualizalos baixo paradigmas sociais, culturais ou morais (Coates 2011: 316-318). Así, se *O que o vento levou* nos fala dos cambios acontecidos na sociedade sureña de Estados Unidos durante e despois da Guerra Civil de 1861, cunha visión centrada especialmente nos roles femininos (Konečná 2010), *Os xogos da fame* pon o acento sobre a formación da identidade no seo dunha comunidade distópica dominada por un totalitarismo mediático e as desigualdades de clase (Irwin 2012).

O foco narrativo das dúas obras difire. No caso da novela de Mitchell atopámonos cun narrador omnisciente, mentres que na saga de Collins é a mesma protagonista, Katniss Everdeen, quen se encarga de relatar a súa historia en primeira persoa. A pesar diso, o aspecto máis relevante e central á hora de levar a cabo o labor comparativo obxecto do presente traballo segue visible no corazón de ambos os relatos: o contar con dúas escritoras que desenvolven a narración ao redor de dúas heroínas que presentan unha caracterización pouco usual se comparada cos prototipos femininos de ficción das súas respectivas épocas. Unha caracterización que atopa puntos de conexión tanto no referente a factores intrínsecos aos personaxes coma a factores externos relativos ao relato, que contribúen a perfilar os trazos das protagonistas e o seu devir como arquetipos literarios. Trátase duns paralelismos razoablemente marcados, tanto é así que á luz do ensaio de Margaret D. Bauer “*A Study of Scarletts. Scarlett O’Hara and her Literary Daughters*” (2014) non sería desatinado afirmar que a propia Katniss Everdeen podería considerarse unha das fillas literarias do inmortal personaxe creado por Margaret Mitchell.

81

## **A guerra gañada da caracterización: batallas paralelas, fronte distintas**

A fascinación por dous personaxes tan distintos como Escarlata O’Hara e Katniss Everdeen é facilmente demostrable pola estética da recepción das obras que protagonizan. A pesar do anterior (ou, se cadra, xusto por iso), é innegable que parte do encanto atribuído a ambas as protagonistas débese ás exitosas adaptacións cinematográficas de *O que o vento levou* e *Os xogos da fame*, e ás fantásticas interpretacións das talentosas actrices sobre as que recaeu a responsabilidade de dar vida ás heroínas, Vivien Leigh e Jennifer Lawrence, respectivamente, creando así un efecto propio das que se poden denominar narrativas transmedia.

Máis aló deste punto de encontro que excede o literario, a relación entre os personaxes de Escarlata e Katniss pode empezar a establecerse sobre a base de elementos descritivos. Ao principio de ambas as obras as dúas son rapazas de 16 anos, retratadas como posuidoras dunha aparencia que non chama a atención. No caso de Escarlata, Mitchell (1978: 9) abre a novela cunha representación bastante gráfica da figura da súa protagonista, dicindo “Escarlata O’Hara no era bella [ ] Sus ojos eran de un verde pálido, sin mezcla de castaño, sombreados por negras y rígidas pestañas, levemente curvadas en las puntas. Sobre ellos, unas negras y espesas cejas, sesgadas hacia arriba, cortaban con tímida y oblicua línea el blanco magnolia de su cutis [ ]”; mentres que Collins (2008: 34, 75, 144), ao longo da primeira novela da triloxía, suxire varios trazos da aparencia de Katniss, como o seu cabelo longo, lacio e escuro recolleito a miúdo nunha trenza, os seus ollos grises e a súa pel cor oliva, para remarcar que non destaca pola súa beleza e o seu aspecto aseméllase ao da maioría dos habitantes da Veda. Pero máis aló das características físicas, as similitudes trázanse ao redor do carácter. De feito, nun punto de encontro entre o físico e o psicolóxico, tanto Escarlata coma Katniss non encaixan no que Butler (1999: 18) denomina *estratexia de performance de xénero*, unha reconversión necesaria para sobrevivir en sistemas de imposición estrita de normas sociais. Aínda que ambas as dúas, de distintas maneiras, tratan de adaptarse aos roles de xénero impostos pola súa sociedade, por mor da súa forma de ser non conseguen amoldarse ás conviccións sobre a feminidade e quizais sexa precisamente ese un dos trazos distintivos que as configuran como heroínas non ao uso coas que o lector pode empatizar ou sentirse incómodo.

Tanto Escarlata coma Katniss actúan, utilizando os trazos femininos para conseguir os fins que se propoñen que, máis aló de obxectivos específicos, pódense sintetizar na supervivencia no seo dunhas sociedades convulsas e violentas. A forma de proceder tipicamente masculina de Escarlata, recalcada de forma directa en decenas de pasaxes distintas da novela, é un dos eixos temáticos da narración, e ao chocar coas vertentes sedutoras e coquetas falsamente impostadas contribúe a marcar a dualidade de trazos enfrontados do personaxe que, en palabras de Commager (1936:1), se sintetiza da seguinte maneira:

She was not a lady, though she wanted to be, but a magnificent woman, a vital, proud, passionate creature, undismayed by life or by death, tenacious of what

was hers, acquisitive of what was not, hungry for admiration rather than love, ruthless but capable of tenderness, ambitious but capable of sacrifice, sentimental but without nonsense, deeply rooted in the soil of Tara but uprooted, too, lost.

Esta combinación binaria é a que segundo Deeks (1997: 312) permite catalogar idealmente a Escarlata O'Hara baixo o tipo psicolóxico que Adler (1956: 123) denomina “erudito”, feito que explicaría a fascinación ambivalente que o personaxe é capaz de exercer, producindo tanto admiración coma rexeitamento. En palabras de Spanbauer (2001: 14) “This conflict makes Scarlett both despicable and a compelling, attractive, even glamorous, character”.

O caso de Katniss Everdeen presenta connotacións parecidas. Os estudos que se centran nunha análise de xénero da protagonista de *Os xogos da fame*<sup>3</sup> coinciden en que o personaxe de Collins presenta preferentemente trazos distintivos que adoitan atribuírse aos homes, aínda que os balancea con algunhas características habitualmente consideradas femininas (Lem 2012). Unha vez máis se fai patente esa ambivalencia de xéneros e roles, que no referente a Katniss cristalízase no feito de convertela nunha indubidable heroína de connotacións progresistas, capaz de espertar a admiración dos lectores da literatura para mozos adultos (Henthorne 2012), á vez que nunha figura ambigua que por mor das súas características pouco marcadas, dubitativas e cambiantes pode provocar o escepticismo e o desapego dun público máis afeito a tratar con personaxes literarios de maior espesor.

O adoptar características tanto femininas coma masculinas<sup>4</sup> parece conducir tanto a Escarlata coma a Katniss ao ostracismo e as consecuencias negativas que prefigura Butler (1999: 83) para ese tipo de apropiación indebida de roles. Máis aló das distintas visións e consecuencias que iso provoca nas tramas das dúas obras que estamos a tratar, aquí parece apropiado recalcar que alén dos trazos de carácter suxeridos cos que empezamos, as protagonistas desta comparación vense forzadas polas situacións a asumir esas actitudes, cousa que á súa vez determinará a forma de relacionarse co mesmo ambiente e colectividade que as rodea.

---

<sup>3</sup> Destacamos: Layfield (2013), Woloshyn, Taber e Lane (2013).

<sup>4</sup> Para aclarar eses aspectos concretos, pódense tomar como base as clasificacións de Wood (2005) ou Johnson (2005).

Escarlata e Katniss viven nunha época de conflito bélico. Aínda que un corresponde a unha visión bastante fiel da realidade histórica e o outro se define entre as marxes da ficción distópica, ambos os dous se configuran como transfondos das narracións e inflúen profundamente nas personaxes, de tal maneira que se poderían considerar un motor da acción. A guerra e as penurias que supón motivan algúns dos paralelismos máis interesantes entre estes dous personaxes tan afastados. O primeiro deles ten que ver coa necesidade de supervivencia e a loita contra o horror. Fundamentalmente, ambos os personaxes buscan sobrevivir: Escarlata á pobreza e miseria que proporcionan a guerra e o seu final cargado de cambios e incerteza; Katniss, antes aos propiamente chamados Xogos, e posteriormente á guerra civil na que se verá forzada a ter un papel clave. Para facelo, as dúas están dispostas a mentir, roubar e mesmo matar e, de feito, fano, cometendo accións abominables sen desenvolver culpas demasiado remarcadas, contradicindo así as calidades de receptividade, sensibilidade, pacifismo e tenrura que Marcuse (1983: 14) consideraba dominantes en calquera universo centrado nun carácter feminino e trocando unha vez máis os roles de xénero para subsistir nunha contorna hostil.

84

É precisamente a contorna hostil a que nos permite situarnos no segundo paralelismo. Escarlata e Katniss viven nun estado de medo que as condiciona psicolóxicamente (ambas sofren con frecuencia pesadelos) e marca parte dos seus actos, permitindo que desenvolvan respostas instintivas ante as situacións e interioricen á vez a mentalidade social imperante da desconfianza. A pesar diso, para ambas as dúas existe un lugar capaz de mitigar a angustia, que as fai sentir seguras e cunha sensación de paz pese ao descontrol que as rodea. Trátase dunha especie de *locus amoenus* en sentido extenso, unha contorna que reafirma o personaxe valéndose da *patopeya*, a *etopeya* e a escenificación simbólica (Alonso 1998: 99-100). Escarlata, como se expresa implícita e explicitamente ao longo da obra, colle a súa forza de Tara, a plantación familiar que considera o seu fogar e que a empuxa a loitar, sendo á vez un dos poucos escenarios da novela no que non se ve obrigada a actuar e pode ser ela mesma, mostrando o mellor e o peor do seu carácter (Haskell 2010: 107). Katniss experimenta algo igual cando se atopa nos bosques que rodean o Distrito 12. Nesa natureza amiga emerxe o seu lado máis sincero e sentimental, pero tamén o máis desinhibido. Nese marco de referencia libre do control opresivo do Capitolio, que se parece a un útero materno que ofrece protección e sustento, a heroína de Collins caza, bica, reflexiona, canta e ri, desenvolvendo un abanico de comportamentos que se distancian da actitude ríxida e distante

que adoita manter nas demais contornas. De forma especular a Escarlata, Katniss tamén toma a súa forza da terra e os bosques, un terreo que considera o seu fogar, pero que á vez lle serviu como campo de adestramento para poder afrontar con éxito as vicisitudes polas que ten que pasar ao longo do relato (Connors e Shepard 2013: 130). Tanto Escarlata coma Katniss volven ao que consideran o seu fogar ao final das súas respectivas narracións. Iso depende do seu amor pola terra e non ten nada que ver cos afectos que van tecendo na súa traxectoria argumental. As relacións persoais configúranse como performativas e son o terceiro paralelismo que pretendemos evidenciar.

Como vimos, Escarlata e Katniss posúen actitudes e características preferentemente masculinas que inflúen tanto na súa conduta coma na imaxe que proxectan, o que á súa vez repercute na tipoloxía de relacións e roles que van asumindo ao longo da narración. Debido á súa fortaleza e espírito de supervivencia, ambas vense abocadas a asumir o rol de cabeza de familia, un papel marcadamente patriarcal que se alimenta dos trazos masculinos e á vez refórzaos. Os lazos afectivos que as unen ao pai antes de que este, en ambos os casos, faleza son máis fortes e significativos dos que se establecen coa nai. A devoción de Escarlata polo seu pai Gerald é explícita e tradúcese nunha reprodución consciente de actitudes do mesmo na súa propia forma de actuar. É un dos poucos personaxes cara aos que demostra abertamente un agarimo desinteresado, xa que os devanditos sentimentos non son proxectados de igual maneira cara á súa nai, Ellen, nin cara a ningún outro membro da familia. Escarlata toma a súa nai como exemplo, idealízaa e outórgalle poder moral, pero mantén con ela unha relación fría e privada de connotacións cariñosas, si baseada no sentimento de protección e admiración, pero baixo o veo da distancia (Bauer 2014: 19-20). Pola súa banda, Katniss mantén un recordo cariñoso do seu pai (xa defunto ao comezo da obra) e segue os seus pasos de forma literal vestindo a súa cazadora e indo cazar ao bosque, territorio prohibido. Poderíase dicir que toma o seu sitio e á vez despreza á súa nai por non ser capaz de manexar as rendas da familia e coidar dela e da súa irmá pequena Prim, mantendo unha actitude reproboratoria e resignada que se reflicte no primeiro capítulo de *Os xogos da fame* (Collins 2008: 12-20). En ambos os casos parece latente unha especie de síndrome de Electra que se articulará nos aspectos emocionais e sociais da configuración dos personaxes.

As dúas protagonistas convértense, de formas distintas, en heroínas ao impregnarse de responsabilidades propias dun home en sociedades patriar-

cais. Iso colócaas no taboleiro social e, como xa se dixo, influencia en certo xeito a configuración das relacións persoais de ambas as dúas. Tanto Escarlata coma Katniss parecen sentirse máis cómodas no lado masculino da sociedade, de tal maneira que para elas parece máis fácil conectar cos homes que coas mulleres. Tanto pola súa mentalidade coma polo seu lado sedutor, Escarlata séntese máis a gusto cando está rodeada de homes, posto que ela cre que a súa forma de pensar e ver a vida aseméllase máis á destes que á das mulleres, que ela mesma menospreza e desvirtúa repetidamente, lamentándose da súa condición feminina e as desvantaxes que esta leva (Bauer 2014:116-137). Algo parecido pódese dicir de Katniss. Aínda que ela se sente incómoda con situacións ou relacións sociais estreitas, rodéase preferentemente de homes (Peeta, Gale, Haymitch, Cinna, Finnick). Unha ruptura desta dinámica son os casos da súa irmá Prim e de Rue, ambos os personaxes cara aos cales Katniss desenvolve un instinto de protección case maternal baseado no agarimo e a responsabilidade. A pesar desta última excepción, a tendencia para apoiarse en personaxes de sexo masculino xorde máis da afinidade electiva que da necesidade de sentirse amparadas polo considerado tradicionalmente sexo forte. De feito, a frialdade, racionalidade, combatividade e mesmo dureza e desapego de Escarlata e Katniss distáncianas dos ámbitos sociais habitados polas mulleres, chegando a excluílas e facelas sentir incómodas cando se ven abocadas a ter que frecuentalos. Escarlata odia ter que encerrarse na casa e compartir charlas e tempo con grupos de mulleres próximas, do mesmo xeito que Katniss non se acomoda ás convencións e condutas que lle suxiren ou lle imponen Effie e o seu grupo. Ambas as dúas foxen dos lugares nos que os sentimentos poden estar máis presentes e iso xustifica á vez outros dous aspectos importantes. O primeiro é a súa incapacidade para darse conta de que poden experimentar unha amizade feminina xenuína e desinteresada. Katniss non consegue ver que en Johanna pode atopar un apoio e unha personalidade parecida á súa, alguén que podería entendela e axudala máis aló do alcance dun obxectivo ou unhas expectativas sentimentais. Aínda que no transcurso do terceiro e derradeiro libro que compón a triloxía, *Sinsajo* (Collins 2013), as dúas parecen compartir máis momentos e achegarse a unha á outra, a amizade nunca chega a fraguar. O caso de Escarlata é máis complexo e evidente. Melania perfilouse desde un principio como unha amizade desinteresada que lle profesaba un agarimo incondicional, pero Escarlata non soubo e non quixo velo, e acabou tratándoa con desapego e frialdade ata que, ao final da novela e no leito de morte da que sempre foi o seu apoio, decátase da importancia central que tivo Melania na súa vida (Bauer 2014: 34-58).



O segundo aspecto ten que ver coa falta de interese romántico xenuíno que experimentan ambas as figuras femininas a pesar de ser o vértice central dun triángulo amoroso. Escarlata sofre innegablemente un enamoramento cara a Ashley, algo que lle leva a anhelalo e perseguilo, esperalo e desexalo, pero que en realidade revélase unha fantasía, unha fantasía á que agarrarse para cobrar forza e escapar da triste realidade, sen ter un fondo ancorado nun amor auténtico (Haskell 2010: 87). Igualmente, a súa relación con Rhett baséase máis en equilibrios de conveniencia que en sentimentos profundos, polo menos ata as páxinas finais da obra, nas que parece que Escarlata dáse conta do que sente en realidade (Bauer 2014: 21-33). Con todo, a actitude do personaxe e as súas propias reflexións deixan entrever que Escarlata non está interesada na parte romántica do amor, tan só a idealiza precisamente polo feito de non necesitala verdadeiramente. Pola súa banda, Katniss expresa de forma inequívoca o seu desinterese nas cuestións románticas, escudándose no feito de non poder permitirse pensar nesas cousas cando se está vivindo unha situación de guerra que ameaza a existencia dunha enteira sociedade. A esa reflexión únese o comportamento ambiguo que adopta en relación a Gale e Peeta, alentándoos e rexeitándoos segundo esixa a situación ou os desexos deles (Layfield 2013: 15), e aínda que ao final da obra acaba casada con Peeta, esa unión parece responder máis a un desexo de estabilidade e tranquilidade que á satisfacción dun impulso romántico.

87

## Conclusión

Atopar puntos de semellanza ao desenvolver unha análise comparativa de dúas obras significa interconectar dous mundos literarios que, a priori e se non se demostra o contrario, non se propoñen voluntariamente ser debedores un do outro. O mesmo ocorre cos personaxes. Collins puido perfectamente inspirarse na Deusa Diana para perfilar algúns trazos de Katniss Everdeen, pero é complicado pensar que puidese tomar a Escarlata O'Hara como referencia. A pesar diso, hai unhas herdanzas literarias que se transmiten de forma implícita e silenciosa e que remiten á reprodución de arquetipos universalmente instaurados. Aínda sendo “heroínas”, os dous personaxes que abordamos ao longo deste traballo distan bastante de ser arquetípicos, máis ben poderían definirse como construcións contraditorias baseadas en forzas antagónicas, que triunfaron porque souberon suscitar a curiosidade dos lectores, despertando simpatías e antipatías pero, sobre todo, funcionando como

catalizadores de discursos de xénero sobre o rol e os estereotipos da muller. O que lles fai cobrar aínda máis forza é, se cabe, conseguilo desde dous sub-sistemas literarios tradicionalmente de segunda fila: o drama romántico e a literatura xuvenil.

Os trazos inusuais que as caracterizan e que, como tratamos de explicar, as unen, desenvólvense en ambos os casos de acordo a paralelismos que se fraguan a pesar das distancias narrativas que as separan. Iso pode facer pensar que é posible achar a existencia dun factor intrínseco á narración que actúe como meridiano e permita o despregamento dos subseguintes paralelos. En base ao exposto, atreveríame a afirmar que ese factor pode corresponderse cos conflitos bélicos que se atopan no transfondo das dúas ficcións. A guerra, histórica ou distópica, coas súas penurias, os seus dramas e o seu consecuente halo de horror e incerteza, actúa nos mundos literarios creando personaxes que para ser cribles e inspiradores teñen que vivir no desdoblamento, nesa liña que separa o medo e a coraxe, a ética e o moralmente cuestionable, a empatía e a dureza, e mesmo a masculinidade e a feminidade. Cando se sitúa no centro dese escenario a unha muller, a historia que narran os seus actos pode tomar moitos camiños, pero inevitablemente acaba transcendendo os moldes sociais ancorados aos estereotipos clásicos e se o personaxe é construído de forma sincera e crible terá que ser partícipe dunha representación de vivencias que consegue expresarse coa mesma potencia tanto nunha obra canónica coma nunha ficción de literatura xuvenil, posto que, como está a demostrar o paso do tempo, a distancia entre estes dous mundos literarios non é maior da que pode existir entre unha Escarlata e unha Katniss.

*Patricia Val Antelo*  
Universidade de Santiago de Compostela

## Referencias bibliográficas

- Adler, A. 1956. *The Individual Psychology of Alfred Adler*. New York: Harper&Row.
- Alonso, F. S. 1998. "Teoría del personaje narrativo (Aplicación a *El amor en los tiempos del cólera*)". *Didáctica. Lengua y Literatura*, 10, 79, 79-105.
- Bauer, M. D. 2014. *A Study of Scarletts. Scarlett O'Hara and her Literary Daughters*. Columbia: The University of South Carolina Press.

- Butler, J. 1999. *Gender Trouble: Feminism and the Subversion of Identity*. London: Routledge.
- Coats, K. 2011. “Young Adult Literature: Growing Up, In Theory”. En W. Shelby (Ed.), *Handbook of Research on Children’s and Young Adult Literature* (pp.315-329). New York: Routledge.
- Collins, S. 2008. *Los juegos del hambre*. Barcelona: Molino. Tradución ao castelán de Pilar Ramírez Tello. Primeira edición: S. Collins. 2008. *The hunger games*. New York: Scholastic Press.
- 2012. *En llamas*. Barcelona: Molino Tradución ao castelán de Pilar Ramírez Tello. Primeira edición: Collins, S. 2009. *Catching fire*. New York: Scholastic Press.
- 2013. *Sinsajo*. Barcelona: Molino. Tradución ao castelán de Pilar Ramírez Tello. Primeira edición: Collins, S. 2010. *Mockingjay*. New York: Scholastic Press.
- Commager, H. S. 5 de xullo de 1936. “The Civil War in Georgia’s Red Clay Hills”. *New York Herald Tribune Books*, pp. 1-2.
- Connors, S. P. e I. Shepard. 2013. “Who’s Betting on The Hunger Games? A Case for Young-Adult Literature”. En M. Keith Booker (Ed.), *Critical Insights: Contemporary Speculative Fiction* (pp. 115-136). Ipswich: Salem Press.
- Deeks, L. 1997. “Scarlett O’Hara: The Classic ‘Getting Type’ ”. *Individual Psychology*, 53, 310-321.
- Haskell, M. 2010. *Frankly, My Dear: Gone with the Wind Revisited*. New Haven: Yale University Press.
- Henthorne, T. 2012. *Approaching the Hunger Games trilogy. A literary and cultural analysis*. North Carolina: McFarland.
- Irwin, W. 2012. *The Hunger Games and philosophy: A critique of pure treason*. New Jersey: John Wiley & Sons.
- Johnson, A. G. 2005. *Gender Knot: Unraveling Our Patriarchal Legacy*. Philadelphia: Temple University Press.
- Konečná, H. 2010. *Gone with the Wind: Changes in the Southern Society Brought by the Civil War, especially Changing the Role and Status of Women*, [http://is.muni.cz/th/265872/pedf\\_m/diploma\\_thesis.pdf](http://is.muni.cz/th/265872/pedf_m/diploma_thesis.pdf). [Consulta: 22/12/2015].

Layfield, A. 2013. "Identity Construction and the Gaze in The Hunger Games". *The Looking Glass: New Perspectives on Children's Literature*, 17(1).

Lem, E. 2012. "'Killer' Katniss and 'Lover Boy' Peeta: Suzanne Collins's Defiance of Gender-Genred Reading". En M.F. Phare, *Of Bread and Blood and The Hunger Games: Critical Essays on the Suzanne Collins Trilogy* (pp. 118-127). North Carolina: McFarland.

Lluch, G. 2007. "La literatura juvenil y otras narrativas periféricas". En P.C. Cerrillo, C. Cañamares e C. Sánchez (Coords.), *Literatura infantil: nuevas lecturas, nuevos lectores* (pp. 193-211). Cuenca: Ediciones de la Universidad de Castilla-La Mancha.

Marcuse, H. 1983. *Calas en nuestro tiempo*. Barcelona: Icaria.

Mitchell, M. 1978. *Lo que el viento se llevó*. Barcelona: Aymá. Traducción ao castelán de Juan J. de Luaces y J. Gómez de la Serna. Primeira edición: Mitchell, M. 1936. *Gone with the wind*. New York: The MacMillan Company.

Spanbauer, J. M. 2001. "Scarlett O'Hara as Feminist: The Contradictory, Normalizing Force of Law and Culture". *Law Text Culture*, 5 (2), 45.

90 Taber, N., V. Woloshyn e L. Lane. 2013. "She's more like a guy'and 'he's more like a teddy bear': girls' perception of violence and gender in The Hunger Games". *Journal of Youth Studies*, 16(8), 1.022-1.037.

Woloshyn, V., N. Taber e L. Lane. 2013. "Discourses of Masculinity and Femininity in The Hunger Games: 'Scarred', 'Bloody', and 'Stunning'". *International Journal of Social Science Studies*, 1(1), 150-160.

Wood, J. T. 2005. *Gendered lives: Communication, gender & culture*. Belmont: Wadsworth.